


# CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

30 de xuño-1 de xullo do 2018

## XIII DO TEMPO ORDINARIO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE  
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

*CANTO n° 3* 🎵 *Unha xuntanza de amor (estrofa 1)*

### SAÚDO DE BENVIDA

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Moi probablemente todos os que hoxe estamos aquí nos coñecemos, todos somos sabedores de canto pasa ao noso arredor. É un auténtico privilexio sentirse cerca, sentirse á beira, de xeito que poidas dar unha man e que che poidan dar unha man. Son as ventaxas de ser aldea, de ser rural, de ser comunidades pequenas onde é máis doado compartir tanto as alegrías como as penas.

E isto non está lonxe do que hoxe nos presenta o evanxeo falando de Xesús. É un Xesús que está á beira da xente, e este estar á beira fixo posible que puidera dar unha man a unhas mulleres con problemas.

Celebremos hoxe a nosa fe sentíndonos ledos de pertencer a comunidades nas que é doado sentir que temos irmáns e irmás á nosa beira.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** Este xeito de Xesús vivir demóstranos que vale a pena compartir con todas as persoas dende a actitude da constancia, dende o día a día, dende o simple feito de querer estar á beira dos demais.

Así queremos pedir perdón e renovar con Xesús os nosos compromisos.

### *Monitor/a*

- Perdón, Señor, polas veces que vivimos preocupados só por nós e polo noso, e viramos as costas aos demais. Señor téndenos a túa man
- Perdón, Señor, polas veces que non nos achegamos a escoitar, a falar, a compartir facendo comunidade. Cristo téndenos a túa man
- Perdón, Señor, polas veces que non estamos atentos, nin damos unha man, a quen sofre e a quen ten necesidade. Señor téndenos a túa man

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

**Celebrante** Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Hoxe, a nosa oración segue facéndose á beira de Paramos, á beira de Guatemala, á beira de Palestina, á beira de Siria, á beira dos refuxiados e dos migrantes que se senten rexeitados, á beira das mulleres que se senten inxustamente tratadas.

*(silenzo)*

Deus, Noso Pai,  
co teu espírito de adopción fixéchesnos fillos da luz.  
Non permitas que o erro nos envolva nas tebras,  
senón que permanezamos sempre iluminados  
polo resplandor da túa verdade.

Pedímoscho a Ti Pai, por Xesucristo teu fillo,  
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante** *Escoitamos agora unhas palabras que nos deberían facer pensar. Paulo, o apóstolo, fálanos de igualdade, fálanos da necesidade dun mundo mellor repartido, porque hai poucos que teñen moito, e hai moitos que teñen moi pouco. Xa era así fai 2000 anos e hoxe igual non é mellor. Escoitemos.*

*No Leccionario II – B páxina 208*

*LECTURA*

### **LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO PAULO AOS CORINTIOS**

**nº 41** 🎵 **Quen nos vai separar de Ti?** *SALMO*

**(en pé)** *No Leccionario II – B páxina 209* *EVANXEO*

### **PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MARCOS**

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma EL, medrar día a día estando á beira da xente e dando froitos no camiño da igualdade. Dicimos

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

### *Monitor/a*

Credes en Deus Pai,  
creador do ceo e máis da terra,  
que á súa imaxe e semellanza  
nos convida a compartir?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, o seu Fillo benquerido,  
que está á nosa beira,  
e sobre todo á beira dos doentes e necesitados?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo, que nos alenta a camiñar  
erguendo a quen se sente afundido?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, comunidade viva,  
que ao xeito de Xesús,  
somos chamados a estar atentos aos demais  
compartindo as festas e as penas?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## (en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

*Celebrante* Oremos a Xesús, e como parroquia poñamos nas súas mans os nosos mellores desexos para esta comunidade na que vivimos.

*Oremos dicindo Señor queremos dar unha man*

### *Monitor/a*

1. Coma ti Xesús estabas á beira da xente ofrecendo palabras e feitos cheos de vida, tamén nós hoxe dicimos
2. Coma ti Xesús non pasabas desapercibido para a xente, senón que todo o mundo te buscaba, tamén nós hoxe dicimos
3. Coma ti Xesús dispuñas as túas mans e os teus esforzos en ben dos demais, tamén nós hoxe dicimos
4. Coma ti Xesús andabas no medio da xente sentindo as súas ledicias e as súas penas, tamén nós hoxe dicimos
5. Coma ti Xesús te achegaches a quen tiña motivo para queixarse, tamén nós hoxe dicimos

*Celebrante* Señor Xesús escoita as nosas pregarías, e énchenos do alento que te levaba a estar sempre á beira dos demais. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

*Celebrante* Entremos no corazón do Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar sereno e cheo de tenrura e con Xesús e o seu xeito de estar á beira das xentes recemos dicindo

NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

*Celebrante* As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes con Xesús no que dicimos e no que facemos. A paz faise dende a igualdade, faise con respecto, faise con tolerancia, faise con todas as mans atrevidas, porque paz é atreverse a dar unha man e deixarse dar unha man.

**CANTO** 🎵 n° 36 *Fagamos a paz irmáns*

#### COMUÑÓN

*Celebrante:* A mesa da Fe é anticipo da mesa do Reino; participar nela é comprometer a vida en construír un mundo no que vale a pena axudarnos. Ditosos todos nós, que nos sentimos convidados a esta mesa do Señor.

**CANTO** n°50 🎵 *Na tardiña baixa da vida*  
ou n°58 🎵 *Acharte presente*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

#### *Celebrante*

Señor, esta celebración, que acabamos de compartir, renove a nosa vida. Fai que unidos sempre a ti polo amor, deamos froitos de vida eterna. Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

*Con Xesús, cremos que vale a pena facer evanxeo sen medo a dar unha man a quen a necesite.*

*Con Xesús queremos facernos cribles e sen medo a ser semente dun mundo con máis igualdade.*

*Con Xesús queremos dar grazas aos veciños e veciñas da parroquia que nalgún momento da vida nos deron unha man, e nos axudaron a facer máis doado o camiño.*

*Avísase das misas (ver folla do mes) e recordamos que o este domingo, Sebas, de Fornelos, dá un paso importante no camiño cara o sacerdocio sendo ordenado diácono. Na nosa oración destes días pidámoslle a Deus que o axude. Será na catedral de Tui ás 7, estamos convidados.*

**Avísase da excursión dos cativos de catequese.** Será o martes 17 de xullo. Iremos ao parque acuático de Cerceda. Avisar dende xa a curas ou catequistas.

Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén